

MEMORIA DESCRIPTIVA

**PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA
O CONSUMIDOR PARA
O TRIENIO 2006-2009**

2º FASE-CURSO 2007-2008

CEIP SANTA RITA

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

A nosa pretensión para este pasado curso, como segundo ano de proxecto, foi que os nosos/as alumnos/as coñeceran algúns dos arbustos máis abundantes e comúns que medran nos nosos montes; os seus froitos, que podemos aproveitar como un recurso de consumo directo de xeito que respecta o medioambiente; e tamén outros xeitos de consumo e comercialización dos mesmos. No primeiro ano levouse a cabo cos froitos das árbores, tales como: castañas, noces, abelás,... O segundo ano cos dos arbustos (arandos, amoras...) e o terceiro ano o traballo farase sobre as herbas e cogomelos.

A liña de traballo durante este ano foi similar ao anterior posto que o primeiro paso foi buscar información, ou mellor dito, ampliar información a partir de información previa traída polo alumnado da súa casa, facendo participar así a adultos do seu entorno. Fixéronse saídas e actividades varias procurando unha vez máis traballar desde o máximo número de áreas do currículo.

OBXECTIVOS

- Valorar os distintos usos dados aos produtos non madeireiros dos nosos montes.
- Facer ver aos alumnos e alumnas o valor que atesouran os nosos montes sen que sexa preciso cortar as árbores.
- Reparar nos distintos froitos que podemos obter das árbores, dos arbustos e das herbas e cogomelos dos nosos montes e dos usos que teñen. (Este obxectivo xunto con outros terá unha consecución máis ampla no proxecto, quedando a súa valoración para o final do mesmo; enténdese que neste segundo ano, centrámonos únicamente nos arbustos)
- Presentar algunhas técnicas sinxelas de transformación de ditos produtos e ver cómo se presentan no mercado.
- Facer notar o valor engadido de moitos dos produtos do monte.
- Valorar a importancia de seguir unha dieta saudable

CONTIDOS

- Tipos de arbustos: con froito ou sen el.
- Vexetación típica da nosa rexión. Plantación e produción de determinadas especies.
Entorno propio dos distintos tipos.
- Seres vivos: árbores, arbustos, plantas e fungos
- Características propias dos froitos dos arbustos
- Comercialización de froitos dos nosos montes, os seus derivados e usos múltiples, sen transformación e con transformación.
- Dieta saudable e equilibrada

METODOLOXÍA

Tentouse unha actuación interdisciplinar incidindo desde as distintas áreas, principalmente dende as Linguas, Matemáticas, Coñecemento do Medio e Plástica, e tendo en conta as capacidades propias do estadio evolutivo do alumnado dependente da súa idade, e por suposto, as reflexadas no Programa Europeo no que está inmerso o Centro.

Partiuse previamente da información que ten o alumno sobre o tema, ou daquela traída da casa, facendo partícipes aos adultos que conviven con el. A esta foise engadindo a obtida das pequenas investigacións feitas por medios varios: Internet, enciclopedias, catálogos de clasificación de arbustos, GoogleEarth,... obtendo así unha aprendizaxe constructiva, moito máis significativa á hora de interiorizar conceptos. E por suposto actividades de observación directa, mediante saídas ao contorno.

Cos grupos de menor idade planificáronse as actividades sempre tendo en conta que foran o máis manipulativas posible. Cos grupos de máis idade, as actividades xa eran de tipo representativo, deducindo a partir de certa información e sacando conclusións, posto que xa son capaces de abstraer pequenos conceptos. Con estes mesmos grupos de 3º ciclo, foise un paso máis aló, non só reflexaron os

seus achados en fichas clasificatorias, senón que tamén fixeron actividades de exposición, aproveitando o EDI para ensinar aos compañeiros aquilo que aprenderan.

ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

• ED. INFANTIL:

1º TRIMESTRE:

- Canción: "Son unha semillíña". Traballos relacionados a partir da canción: debuxos, cantar a canción cambiando as vogais, cambiando as palabras clave, pictograma,...
- Conto: "A semente Pepita", "A gota de auga". Actividades relacionadas: O conto equivocado, cambiamos o final, seguimos o conto, inventamos outro conto a partir dos mesmos personaxes pero cambiando a situación,...
- Mural con debuxos e empregando distintas técnicas, principalmente collage, pintura de dedos e estampado con distintos materiais.
- Degustación de froitos varios: secos e carnosos, os procedentes de árbores e de arbustos para facer comparacións. No caso de amoras e arandos, bastante comúns na zona, foron traídos por eles mesmos.

2º TRIMESTRE:

- Fichas de recoñecemento, asociación e cálculo relacionadas co tema. Estas traballáronse posteriormente para facer o cálculo con noces, laranxas, moras,
- Monicreques varios para representar un conto
- Fichas con debuxos de amoras, arandos, ... para traballar a motricidade fina elaboradas con boliñas de papel de seda.

3º TRIMESTRE:

- Xerminadoiro con sementes varias.

-Degustación de marmeladas varias, incluída a elaborada polos propios alumnos/as de 2º ciclo.

• 1º CICLO:

— 1º TRIMESTRE:

- Elaboración dun xerminadoiro con sementes varias.
- Saída didáctica ao entorno para a recolleita de amoras silvestres, amorodos,...
- Degustación dos froitos recollidos na saída.
- Actividades "clic" relacionadas cos seres vivos e as plantas.
- Busca de información en catálogos de arbustos e Internet

— 2º TRIMESTRE:

- Contos e debuxos relacionados co tema inventados polo alumnado.
- Degustación de marmeladas elaboradas polos/as alumnos/as do 2º ciclo.
- Elaboración dun mural cos distintos produtos.
- Fichas de cálculo matemático con temática relacionada.

— 3º TRIMESTRE

- Elaboración dun herbario con follas recollidas.
- Bloc de campo, no que se foi rexistrando a información atopada.
- Fichas de problemas de cálculo sinxelo con temática relacionada.
- Fichas en que se relacionan os nomes en galego e inglés, dos ingredientes da marmelada de amoras.

• 2º Ciclo

— 1º TRIMESTRE

- Contos e debuxos relacionados co tema, inventados polo alumnado.
- Degustación de froitos recollidos polos alumnos de 1º ciclo

- Elaboración de marmelada de amoras.
- Comparación de ingredientes da marmelada mercada coa de elaboración propia.
- Recollida de receitas e refráns relacionados con tema.

2º TRIMESTRE

- Elaboración dun xerminadoiro e distintos experimentos para comprobar que as plantas son seres vivos, que se alimentan e respiran.
- Busca de información en Internet e GoogleEarth mediante o encerado dixital interactivo.
- Análise do etiquetado de diferentes produtos e marmeladas de distintas marcas.
- Debuxo e deseño dunha etiqueta para a nosa marmelada.

3º TRIMESTRE

- Actividades Clic relacionadas cos seres vivos e as plantas.
- Deseñamos unha etiqueta para a marmelada elaborada en bilingüe (galego e inglés)
- Aproveitando a nosa inclusión nun Programa Europeo, Comenius 1, con outros 3 países (Alemaña, Rumanía e Polonia) buscáronse e intercambiáronse receitas que incluían froitos silvestres na súa elaboración.

• 3º Ciclo:

1º TRIMESTRE:

- Busca de información por distintos medios: Internet e enciclopedias.
- Elaboración de mapas e murais varios cos datos recollidos sobre zonas onde atopar estes arbustos en Galicia.
- Experimentos varios para demostrar que as plantas son seres vivos.
- Recollida e clasificación de follas.

2º TRIMESTRE

- Recollida de receitas relacionadas cos froitos destes arbustos.
- Aproveitando a nosa inclusión nun Programa Europeo, Comenius 1, con outros 3 países (Alemaña, Rumanía e Polonia) buscáronse e intercambiáronse receitas que incluían froitos silvestres na súa elaboración.
- Traballo sobre a elaboración do pan de xenxibre na cidade polaca de Torun, típica de alí. Degustación de doces con ese ingrediente.
- Presentación de diapositivas empregando o EDI. Cada grupo ocupouse dunha especie, expoñendo ao resto da clase as características da especie estudada.

3º TRIMESTRE

- Deseño dunha etiqueta bilingüe (galego e inglés) cos ingredientes da marmelada.
- Elaboración de fichas coa información recollida sobre estas especies.
- Degustación de produtos elaborados a partir de froitos dos arbustos.
- Estudio da información que aporta o seu etiquetado.

Como actividade simultánea e común a todos os grupos, fíxose unha exposición permanente coas fotos e cunha mostra das diferentes aportacións dos grupos.

A nosa intención é dar a coñecer estas actividades incluíndoas na nosa páxina web (actualmente pendente de actualizar), ao igual que fixemos ata agora para informar deste proxecto, e outros, á Comunidade Educativa a través do noso xornal escolar

DESEÑO DAS ACTIVIDADES

Traballáronse distintos tipos de actividades, desde as de observación directa, (nas saídas ao contorno ou manipulando na propia aula) pasando polas de investigación ata as de elaboración.

Empregáronse distintos tipos de agrupamento, por exemplo: á hora da posta en común, ou de comprobar información previa, traballouse co grupo clase, ao igual ca na utilización das TIC, entre elas o EDI (encerado dixital interactivo). O traballo en parella e individual empregouse noutras actividades tales como a búsqueda de información na aula de informática e algún traballo de Plástica, sobre todo nas actividades de produción, elaboración de fichas, manexo de actividades clic,...

AVALIACIÓN

Polo que se refire á avaliación, por un lado valoráronse a consecución dos obxectivos fixados no PCC para cada ciclo ou nivel en función da área na que se traballaba (Galego, Coñecemento do Medio, Ed. Artística) mediante os criterios de avaliación para tal fin ou do traballo globalizado no caso de Ed. Infantil e 1º Ciclo; e por outra banda, valorouse a aprendizaxe e consecución daqueles obxectivos fixados máis especificamente para este proxecto en concreto.

Tendo en conta os criterios de avaliación que se expoñen no apartado seguinte elaboramos un test a cumprimentar polo profesorado no que se fai unha valoración de 1 a 5 de cada un dos aspectos que se tentaron traballar neste proxecto, co que se pretendía que cada mestre fixera unha valoración de acordo co esperado para cada idade. (Ver anexo) A valoración resultou moi positiva en todas as idades e nos distintos ítems, acadando, como era de agardar, maiores puntuacións nos aspectos conceptuais a medida que aumentamos as idades. Resultando coa maior valoración a actividade no seu conxunto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valora e respecta os arbustos como seres vivos.
- Modificou o seu comportamento no coidado, respecto e consideración aos arbustos nas distintas saídas ou no xardín do colexio.
- Distingue os distintos usos dados aos produtos non madeireiros dos nosos montes.
- Entende como importante o coidado dos arbustos á hora da colleita dos seus froitos sen a necesidade de danalos.
- Coñece os distintos froitos que podemos obter dos arbustos.
- Comprende e coñece algunha técnica sinxela de transformación de produtos a partir dos froitos estudados, marmeladas por exemplo, e como se presentan no mercado.

ENLACES COAS SEGUINTE FASES DO PROXECTO

Tanto o deseño de actividades, de agrupamentos como a metodoloxía seguirán as mesmas liñas de actuación na derradeira fase do proxecto, o vindeiro curso, posto que non será máis que unha ampliación nos conceptos a traballar, o mesmo que se fixo ata o de agora.

Outro aspecto do proxecto que seguirá as mesmas directrices destas dúas primeiras fases será o traballo interdisciplinar do tema desde as distintas áreas do currículo.

Procurarase tamén involucrar o máximo posible aos adultos que viven no entorno do alumnado. Asemade darase a coñecer o noso traballo e pequenos logros á Comunidade Educativa a través dos medios ao noso alcance: xornal escolar, web do centro,....

DIMENSIÓN EUROPEA

Ao igual que se fixo ata agora, sempre se traballou este proxecto nun marco máis amplo, no que coincide, se mestura e interactúa con outros proxectos, neste caso a nivel europeo. É por iso que, tanto na visita que os nosos socios polacos no Proxecto Escolar Comenius do **Publiczne Gimnazijum nr. 2 de Staszow (Polonia)** e rumanos da **Scoala Cu Clasele de Resita (Rumanía)** fixeron ao noso colexio, coma na que nós levamos a cabo a Alemaña, os nosos socios europeos foron partícipes de todos os proxectos nos que está inmerso o centro, e, por suposto, do Proxecto de Educación para o Consumidor.

A pesar de que a súa visita foi moi curta nesta ocasión, colaboraron na elaboración dun recetario común con receitas varias procedentes dos nosos diferentes orixes. Participaron tamén na recolleita de froitos e a súa degustación. As visitas ao contorno incluíron tamén un traballo de campo no que se aproveitou para o coñecemento de especies que están presentes na nosa zona.

NOTA ACLARATORIA.:

CONTIDO DO CD:

No cd que acompaña a esta memoria atópanse non só a memoria en Word e as fotos e imaxes en jpg. (na galería de imaxes), tal e como se pide na convocatoria senón tamén tódolos arquivos que aparecen neste impreso en distintos formatos, expostos mediante unha pequena.


ANEXOS

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO PROXECTO "CONSUMIMOS PRODUCTOS DOS NOSOS MONTES- 2º ANO: OS ARBUSTOS"

Valora de 1 a 5 os obxectivos acadados, tendo en conta a seguinte escala: 5 (Moito), 4 (Bastante), 3 (Pouco), 2 (Moi pouco), 1 (Nada).

- Coñecen algúns dos arbustos máis comúns nos nosos montes	
-Valoran e respectan os arbustos como seres vivos.	
-Modificaron o seu comportamento no coidado aos arbustos nas distintas saídas	
-Modificaron o seu comportamento no coidado aos arbustos no patio do colexio	
-Modificaron o seu comportamento no respecto e consideración aos arbustos nas distintas saídas	
-Modificaron o seu comportamento no respecto e consideración aos arbustos no patio do colexio	
-Distinguen os distintos usos dados aos froitos dos arbustos (marmeladas, doces,,)	
-Coñecen algunha técnica sinxela de transformación de produtos a partir dos froitos estudados	
-Coñecen como se presentan no mercado produtos transformados a partir dos froitos estudados	
-Valore a actividade no seu conxunto.	

SAÍDAS





ELABORACIÓN DE MARMELADA





FICHAS VARIAS Y MARIONETAS



DEGUSTACIONES





BUSCAMOS INFORMACIÓN



FIXEMOS ETIQUETAS



FIXEMOS FICHAS




UN HERBARIO



FIXEMOS EXPOSICIONS



CO EDI



FIXEMOS UNHA EXPOSICIÓN CON TODOS OS TRABALLOS

